

**PLAN DE  
CONTINXENCIA**

**2020/2021**

**C.E.I.P. SAN SALVADOR**

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN .....	1
A) ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO .....	1
B) ACTUACIÓ NS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL .....	3
C) MEDIDAS PARA O INICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL .....	10
ANEXOS	

# **ANEXO VI: PLAN DE CONTINXENCIA**

## **DO C.E.I.P. SAN SALVADOR**

### INTRODUCCIÓN

O Plan de Continxencia do centro educativo San Salvador ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nunha aula/etapa educativa/centro.

#### A) ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19 (anexo I), así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
  - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia (esta deberá recoller ao alumno/a o antes posible e porase en contacto co seu pediatra). A sala disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. No caso de que a familia non conteste, o mestre/a que estea a cargo do alumno/a avisará ao coordinador COVID do colexio, e este chamará ao centro de referencia (coordinador sanitario) e seguirá as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
  - Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
  - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algún mestre/a de garda no porche (se está valeiro de xente) ou unha aula antiga de 6º de ed. infantil.

3. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, comunicará os datos do positivo a petición do Servizo de Saúde e incluírá na aplicación informática EduCOVID, a información solicitada por Sanidade con respecto a: información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio (tanto se está no colexio como na casa), deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o

número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto e declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia (Resolución 2 de novembro do 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional). Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## B) ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Dende o CEIP San Salvador (Teis-Vigo) propoñemos as seguintes liñas de actuación no caso de suspensión da actividade lectiva presencial:

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos das materias de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente, o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. As titoras do centro axudadas polos docentes que inciden en cada grupo-clase pasarán ás familias unha grella similar á do anexo I para **actualizar os datos** do alumnado con fenda dixital (xa sexa por dificultades de conexión ou falla de equipamento) e resumirán os datos nun informe similar ao do anexo II para **informar** das necesidades ao equipo COVID. Dita **diagnose** permitirá que a

consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
  - a. **Diagnosticar** cales son as ferramentas necesarias para o seguimento da teledocencia por parte do alumnado e carencias das familias.
  - b. **Informar** ás familias dos medios polos que se desenvolverá a teledocencia.
  - c. **Manter** o contacto co alumnado e coas súas familias a través de medios telemáticos para continuar co proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.
  - d. **Planear** diversas estratexias educativas para atender as necesidades de alumnado e familias á hora de aproveitar o ensino telemático, prestando especial atención a minimizar os efectos da brecha tecnolóxica que puidera existir.
  - e. **Actualizar** a aula virtual / o blog dos niveis afectados para garantir a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe.
  - f. **Revisar** e **avaliar** a atención telemática para deseñar os materiais educativos en función das necesidades que se detecten.

## 5. HORARIOS TELEMÁTICOS.

- En caso do CONFINAMENTO TOTAL dunha ou varias aulas ou o PECHE TOTAL do Centro Educativo, AS CLASES non presenciais FARANSE DE XEITO TELEMÁTICO E **TERÁN CARÁCTER OBRIGATORIO** POR PARTE DO ALUMNADO.
- En caso de peche dalgunha aula, os horarios telemáticos, LEVARANSE A CABO POLA MAÑÁ, facendo unha redución horario de clase non presencial do 60% do horario (respectando o tempo de lecer). O restante 40% do horario

será para realización de tarefas que aparecen reflectidas nos horarios ESPELLO de cada titoría. As sesións redúcense a 30 minutos.

- Nas aulas de 3º a 6º de ed. primaria, como norma xeral só se fará unha convocatoria diaria por FALEMOS, que levarán a cabo as mestras titoras do grupo. A medida que van rematando as súas sesións de clase, irase incorporando o resto do profesorado para impartir a súa materia.
- Faranse dúas convocatorias para o grupo que acuda a Relixión, sendo convocados pola mestra especialista.
- A titoría coas familias mantense os martes de 16:00h. a 17:00 h.
- A plataforma para as clases telemáticas será FALEMOS.
- Os recursos dixitais empregados serán: licenzas de libros dixitais de Anaya, aula virtual, blogspot, correos electrónicos, páxina web, tokapp school e abalar móvil para comunicacións.

3º PRIMARIA	L	M	ME	X	V
9.00-9.30	MATEMÁTICAS	LENGUA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LINGUA
9.30-10.00	LINGUA	MATEMÁTICAS	MÚSICA	LENGUA	C. NATURAIS
10.00-10.30	INGLÉS	E. FÍSICA	LENGUA	C.SOCIAIS	INGLÉS
10.30-10.50	<b>R E C R E O</b>				
10.50- 11.20	LENGUA	C. SOCIAIS	LINGUA	E. FÍSICA	RELIXIÓN / ATENCIÓN EDUCATIVA
11.20-11.50	C. NATURAIS	INGLÉS	C.SOCIAIS	LINGUA	PLÁSTICA
12.00-12.30	* 1ª quenda	* 4ª quenda	* 3ª quenda	* 2ª quenda	* 1ª quenda
12.30-13.00	* 2ª quenda	* 1ª quenda	* 4ª quenda	* 3ª quenda	* 2ª quenda
13.00-13.30	* 3ª quenda	* 2ª quenda	* 1ª quenda	* 4ª quenda	* 3ª quenda
13.30-14.00	* 4ª quenda	* 3ª quenda	* 2ª quenda	* 1ª quenda	* 4ª quenda

\* Realización de traballo polo alumnado e resolución de dúbidas. Cada media hora poderán conectarse por quendas (determinadas pola titora) e resolveranse as dúbidas que teñan. As quendas irán rotando no horario.

AS CLASES DAS ESPECIALISTAS DE PT e AL SEGUIRÁN NO MESMO HORARIO QUE TEÑEN, CONECTÁNDOSE A MESTRA PARTICULARMENTE CO NENO/A CORRESPONDENTE A ESA SESIÓN.



4º PRIMARIA	L	M	ME	X	V
9.00-9.30	MATEMÁTICAS	LINGUA	LENGUA	MATEMÁTICAS	LENGUA
9.30-10.00	LENGUA	MATEMÁTICAS	SOCIAIS	LINGUA	MATEMÁTICAS
10.00-10.30	SOCIAIS	LENGUA	INGLÉS	NATURAIS	MATEMÁTICAS
10.30-10.50	<b>R E C R E O</b>				
10.50- 11.20	INGLÉS	NATURAIS	RELIXIÓN / ATENCIÓN EDUCATIVA	MÚSICA	E.FÍSICA
11.20-11.50	LINGUA	E.FÍSICA	LINGUA	INGLÉS	PLÁSTICA
12.00-12.30	1ª QUENDA	2ª QUENDA	4ª QUENDA	1ª QUENDA	2ª QUENDA
12.30-13.00	2ª QUENDA	4ª QUENDA	1ª QUENDA	2ª QUENDA	4ª QUENDA
13.00-13.30	3ª QUENDA	3ª QUENDA	3ª QUENDA	3ª QUENDA	3ª QUENDA
13.30-14.00	4ª QUENDA	1ª QUENDA	2ª QUENDA	4ª QUENDA	1ª QUENDA

O HORARIO DE 12.00 A 14.00 HORAS ADICARASE Á REALIZACIÓN DE TAREFAS POR PARTE DO ALUMNADO.

NESTE PERÍODO CONTARÁN CO APOIO DO PROFESORADO QUE AXUDARÁ NA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS QUE PUIDERAN PRESENTARSE. A TITORA FARÁ SABER ÁS FAMILIAS E AO ALUMNADO A QUE GRUPO PERTENCE.

AS CLASES DAS ESPECIALISTAS DE PT e AL SEGUIRÁN NO MESMO HORARIO QUE TEÑEN, CONECTÁNDOSE A MESTRA PARTICULARMENTE CO NENO/A CORRESPONDENTE A ESA SESIÓN.

5º PRIMARIA	L	M	ME	X	V
9.00-9.30	LENGUA	MATEMÁTICAS	LENGUA	C. DA NATUREZA	MATEMÁTICAS
9.30-10.00	MATEMÁTICAS	GALEGO	MATEMÁTICAS	GALEGO	LENGUA
10.00-10.30	GALEGO	INGLÉS	PLÁSTICA	E. FÍSICA	MÚSICA
10.30-10.50	<b>R E C R E O</b>				
10.50- 11.20	E. FÍSICA	RELIXIÓN / ATENCIÓN EDUCATIVA	C. SOCIAIS	MATEMÁTICAS	INGLÉS
11.20-11.50	C. DA NATUREZA	LENGUA	INGLÉS	C. SOCIAIS	GALEGO
12.00-12.30	* 1ª quenda	* 4ª quenda	* 3ª quenda	* 2ª quenda	* 1ª quenda
12.30-13.00	* 2ª quenda	* 1ª quenda	* 4ª quenda	* 3ª quenda	* 2ª quenda
13.00-13.30	* 3ª quenda	* 2ª quenda	* 1ª quenda	* 4ª quenda	* 3ª quenda
13.30-14.00	* 4ª quenda	* 3ª quenda	* 2ª quenda	* 1ª quenda	* 4ª quenda

\*Realización de traballo polo alumnado e resolución de dúbidas (cada media hora poderán conectarse o alumnado, por quendas, e resolveranse as dúbidas que teñan). As quendas irán rotando no horario.

AS CLASES DAS ESPECIALISTAS DE PT e AL SEGUIRÁN NO MESMO HORARIO QUE TEÑEN, CONECTÁNDOSE A MESTRA PARTICULARMENTE CO NENO/A CORRESPONDENTE A ESA SESIÓN.

6º DE PRIMARIA	L	M	ME	X	V
9.00-9.30	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
9.30-10.00	MATEMÁTICAS	INGLÉS	LENGUA	CIENCIAS SOCIAIS	LENGUA
10.00-10.30	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA	LINGUA	INGLÉS	EDUCACIÓN FÍSICA
10.30-10.50	<b>R E C R E O</b>				
10.50- 11.20	CIENCIAS SOCIAIS	MÚSICA	INGLÉS	LINGUA	CIENCIAS DA NATUREZA
11.20-11.50	LENGUA	CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS SOCIAIS	PLÁSTICA	RELIXIÓN / ATENCIÓN EDUCATIVA
12.00-12.30	GRUPO D	GRUPO D	GRUPO D	GRUPO D	GRUPO D
12.30-13.00	GRUPO C	GRUPO C	GRUPO C	GRUPO C	GRUPO C
13.00-13.30	GRUPO A	GRUPO A	GRUPO A	GRUPO A	GRUPO A
13.30-14.00	GRUPO B	GRUPO B	GRUPO B	GRUPO B	GRUPO B

O HORARIO DE 12.00 A 14.00 HORAS ADICARASE Á REALIZACIÓN DE TAREFAS POR PARTE DO ALUMNADO.

NESTE PERÍODO CONTARÁN CO APOIO DO PROFESORADO QUE AXUDARÁ NA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS QUE PUIDERAN PRESENTARSE. A TITORA FARÁ SABER ÁS FAMILIAS E AO ALUMNADO A QUE GRUPO PERTENCE.

AS CLASES DAS ESPECIALISTAS DE PT e AL SEGUIRÁN NO MESMO HORARIO QUE TEÑEN, CONECTÁNDOSE A MESTRA PARTICULARMENTE CO NENO/A CORRESPONDENTE A ESA SESIÓN.

## C) MEDIDAS PARA O INICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro educativo.

*As fases previstas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanta a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase.* O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Polo que, segundo isto, o Centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### **1.- FASE 1 (Adecuación dos espazos)**

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o Equipo Covid do centro educativo quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos.
- Revisión do Plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

### **2.- FASE 2 (Formación de pequenos grupos)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnos/as na aula de forma simultánea será do 30%

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización correcta de máscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.
- Revisión das actividades realizadas no periodo de ensino telemático.

### **3.- FASE 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnos/as na aula de forma simultánea será do 60%.

Obxectivos:

- Continuar formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.
- Avaliar o traballado na fase 2 co alumnado que se incorporou do confinamento nesta nova etapa e resolución de dúbidas.

### **4.- FASE 4 (Fase de reactivación)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnado na aula de forma simultánea será do 100%.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases.
- Comprobar o grao de adquisición do traballado.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste periodo.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para algunha tarefa e para complementar as aprendizaxes na casa.

**ANEXOS**

## ANEXO I

<b>Á atención do pai / nai / titor/a legal do alumno/a:</b> (Apelidos e nome do alumno/a)	<b>Nivel:</b>
---	---------------

Co fin de contribuír á continuidade da actividade docente en caso de peche dunha aula ou do centro e conforme ao “*Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario do curso 2020-2021*” (actualización do 23 de setembro) agradecemoslles que cumprimenten o seguinte cuestionario riscando cun X as opcións que mellor se axusten a súa realidade doméstica.

<b>Posibilidade de conexión doméstica a través de...</b>			
<input type="checkbox"/> Conexión Wi-Fi	<input type="checkbox"/> Datos móbil	<input type="checkbox"/> Outra... (especificar cal) _____	<input type="checkbox"/> Non temos
<b>Dispositivo electrónico:</b>			
<input type="checkbox"/> Móbil	<input type="checkbox"/> Tablet	<input type="checkbox"/> Ordenador	<input type="checkbox"/> Non temos
<b>Disponibilidade do dispositivo para o/a alumno/a:</b>			
<input type="checkbox"/> Tempo completo		<input type="checkbox"/> Compartido (con irmáns, proxenitores,...)	
<b>Observacións:</b>			
En _____ a _____ de _____ de 2020			
Sinatura do pai / nai / titor/a legal.			

